

# PEDRO CHOSCO



Todo o mundo sabe que Pedro Chosco é o misterioso personaxe que fai adormecer os rapaciños.

*"...segundo o meu tío Xabier, é o título dun libro que conta as súas aventuras."*

(Samuel)

*"...gústanlle as mozas novas, e unha cantiga di del:*

*Vaite de aí, Pedro Chosco,  
Non me tentes a criada;  
Nin ma vistes, nin ma calzas  
Nin lle pagas a soldada."*

(Desny)

*"...para a avoa Matilde, Pedro Chosco é un home que ve, pero fai que non ve."*

(David)

*"...para meu avó, Pedro Chosco, como di tantas mentiras, quedou chosco."*

(Julia)

*"...cando meu irmán Felipe ten sono, miña avoa di: "Anda Pedro Chosco."*

(Pablo)

*"...na miña casa, pola noite, cando estamos vendo a televisión, entra meu pai e dinos: "Que ven Pedro Chosco!, para botarnos á cama."*

(Christian)

*"...díxome meu pai que, cando era pequeno e non quería ir para a cama, a miña avoíña dicíalle:*

*- Queres ir viaxar con Pedro Chosco?*

*- Si, si...Ata mañá, mamá!*

*...e meu pai ía para a cama a viaxar."*

(Julia)

*"...para o meu avó, Pedro Chosco é un home que fala baixiño para que os pequechos sintan ganas de durmir."*

(Celia)



ALUMNADO DE 4º